



CORRECCIÓN ERROS NAS INSTRUCIÓNS 1/2024 COMEDORES XESTIÓN DIRECTA e 2/2024
COMEDORES XESTIÓN INDIRECTA

Advertidos erros materiais nas Instrucións 1 e 2 do 2024 (1/2024 e 2/2024) do 1 de xuño, procédese a súa corrección segundo se detalla:

Instrución 1/2024:

Na **páxina 27** relativa ao concepto de unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita, no apartado 2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal, no parágrafo onde pon:

"- A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1)

Deberá dicir:

"- A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1), no caso de custodia compartida computar os 2."

Na **páxina 28** Eliminamos: - *"Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1). O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida. Polo tanto, o proxenitor que na súa declaración da renda sinale ao alumno usuario do servizo como membro da súa unidade familiar é o que debe figurar nos rexistros de comedor como declarante ou responsable do mesmo a efectos de cálculo da renda per cápita".* para ser congruentes co establecido no parágrafo que acabamos de corrixir

E deberá dicir:

"Nas parellas de feito que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1) formarán unha unidade familiar. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida."

Na instrución 2/2024 as páxinas das corrección son a 18 e a 19

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura electrónica

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López